

**Acta núm. 20/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de decembro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 16 de decembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2025, DO 25/11/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE OBRAS.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
- 9º) PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE CONTRATO. EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRAS: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.
- 10º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2025, DO 25/11/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.11.2025, acta núm. 19/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN MARÍA PÉREZ MARTÍNEZ, na que comunica que vai executar obras nunha estancia situada na planta baixa da vivenda de Guisande nº 22 – Os Ánxeles, consistentes en acondicionar os parámetros interiores mediante revestimento e pintado de paredes e teito, renovación do solado existente e a realización de actuacións complementarias destinadas á mellora da iluminación interior.

A parcela (referencia catastral 6431314NH2463S0001GR) sobre a que se empraza a vivenda na que se van executar as obras, sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1) e atópase na aldea de Guisande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, (clave identificativa: AE3) e en base ao artigo 45, apartado 2.n da Lei 5/2016, do 4 de maio, do

Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 150,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 214,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTÍA DIÉGUEZ QUINTAIROS, na que comunica que vai construír un peche perimetral nunha parcela sen edificar sita no lugar de Estrar – Os Ánxeles, actuando sobre os lindes norte, leste e oeste, os dous últimos lindan con camiños públicos. O peche executarase con fábrica de bloque de 40 cms de alto e arameira por enriba ata unha altura total de 1,60 metros. Así mesmo, instalarase un portal corredizo de 4 metros de ancho no linde oeste da parcela e unha porta peonil de 1,20 metros de ancho no peche existente do linde sur.

A parcela (referencia catastral 7139222NH2474S0001KW) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM, e sitúase dentro da zona de policía do Rego de Perros (idcurso 1003784622, codrio 2441001602).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, de data 20.11.2025 (clave DH.W15.110775) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A base dos peches a executar en fábrica de bloque deberá de quedar revestida e pintada en tons claros.
- As obras de peche axustaranse ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia, de data 20.11.2025 (clave DH.W15.110775).
- Os dous tramos de peche con fronte a camiños públicos (oeste e leste) afastaranse como mínimo a 4 metros do eixo destes.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONSUELO SEÑORÍS MALVÁREZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación e mantemento

(reparación e limpeza) dun tramo de muro existente, situado sobre o lindeiro noroeste da parcela sita en Gundín nº 17 – Os Ánxeles, con fronte a camiño público. As obras consistirán na limpeza da vexetación e consolidación dun tramo de muro de contención de cachotería de 6 m de lonxitude.

A parcela (referencia catastral 5140302NH2454S0001ZJ) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR). A parte sobre a que se empraza o peche obxecto da actuación está dentro dun ámbito de solo rústico de protección agropecuaria (RC) e sitúase na zona de policía do Rego do Pego (codrio 2441001601) e na zona de protección da estrada AG-56.

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/1230), de Augas de Galicia, de data 04.12.2024 (clave DH.W15.104085) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non está permitido o aumento de altura, soamente traballos de conservación do peche.
- As obras de conservación e mantemento do muro deberán de axustarse as condicións impostas nas autorizacións do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/1230), e de Augas de Galicia, de data 04.12.2024 (clave DH.W15.104085).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Bruno Ferreiro López, que di actuar en representación de EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ, na que comunica que vai executar obras na vivenda sita no lugar de Mourentáns nº 18 – Viceso. As obras a executar consonte coa documentación técnica asinada polo arquitecto técnico Bruno Ferreiro López en data 17.11.2025, consisten en substituír a actual cobertura de tella por outra nova das mesmas características e instalar canlóns e baixantes en aluminio lacado de sección rectangular.

A vivenda (referencia catastral 1372702NH2417S0001GY) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (ordenanza nº 9) e sitúase na aldea Mourentáns que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE 2, e en base ao artigo 45, apartado 2.a da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 114,68 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 179,25 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Vázquez González, que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ ARMESTO, na que comunica que vai construír un peche perimetral que afecta a 3 parcelas situadas no lugar de Guimaráns – O Casal, coas seguintes características:

- Na fronte das parcelas, peche de 36 metros de lonxitude, en contacto coa vía pública, afastado 4 m do eixo do vial, a executar con postes metálicos sobre cimentación de formigón e entaboados de madeira ata unha altura total de 1,50 metros. Tamén se van instalar dúas portas batentes do mesmo material para dar acceso ás parcelas.
- Resto do peche de 45,25 metros de lonxitude, a executar con postes metálicos sobre cimentación de formigón e entaboados de madeira ata unha altura total de 1,50 metros, deixando en todo momento expedita a zona de servidume para uso público consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

As parcelas (referencias catastrais 15013B506004010000MM, 15013B506004020000MO e 15013B506010750000MY) onde se pretenden executar as obras, asentase sobre un ámbito de solo clasificado pola Lei 2/2016 do solo de Galicia como solo rústico, dentro da zona de policía dun rego innominado (idcurso 981510001595), tributario do Rego do Pego (codrio 2441001601).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 04.09.2025 (clave DH.W15.107890), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse ás condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 04.09.2025 (clave DH.W15.107890).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 205,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 270,37 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTA BUDIÑO VARELA, na que comunica que vai pintar os paramentos interiores da vivenda emprazada na planta segunda (letra B) do edificio de vivendas nº 58 da Avenida de Noia, Os Ánxeles.

A edificación sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,29 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto García Rey, que di actuar en representación de MARÍA ZUMALAVE CASAL, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita en Chave de Ponte nº 18 – Bastavales. As obras a executar consonte co proxecto técnico asinado dixitalmente en data 27.11.2025 polo arquitecto Roberto García Rey, consisten en:

- . Reformar un alpendre (sen incremento de volume), en situación de medianeira, con cambio da estrutura de madeira por unha estrutura metálica con perfís de aceiro laminado, con cuberta rematada en tella cerámica e reposición ou reforma do solado do interior do mesmo.
- . Construción dunha cheminea sobre a cuberta dun galpón anexo, onde existe unha lareira.
- . Reparar de xeito parcial o cableado (tensado) dun emparrado tradicional (ouveira) sobre camiño público, que coincide na zona de entrada á finca polo seu vento suroeste.

A parcela (referencia catastral 9011401NH2491S0001XT) onde se pretenden executar as obras,

conta con dúas clasificacións, solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e na parte traseira da finca as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), e situase no contorno de protección dun ben que figura no catálogo do planeamento urbanístico vixente (Hórreo).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 19.11.2025 (Expediente: XTC-2025- 2285.AUI) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 169,24 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 233,81 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marta Fernández Castro, que di actuar en representación de NORVENTO S.L., na que comunica que vai executar obras de mellora para o transporte puntual de aeroxeradores ao Parque Eólico Olerón, nas inmediacións da aldea da Pedreira, parroquia de San Miguel de Boullón. As actuacións previstas, consonte co

documento técnico asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Darío M. García Valiña en data 01.12.2025, afectan dentro do termo municipal de Brión á saída nº 15 do corredor denominado C.G.1.5 da AG-35 sendo necesaria a adecuación da glorieta e dun illote de dita saída en dirección ao termo municipal de Rois, e consistirán en:

- Implantar as sinais e balizas oportunas para realizar e garantir as condicións de seguridade precisas para realizar as manobras de transporte correspondentes.
- Corte, roza e limpeza de maleza anexa a esta infraestrutura para facilitar o paso de vehículos especiais.
- Implantación dunha plataforma provisional de formigón sobre o firme actual da glorieta; plataforma que será retirada una vez rematadas as manobras de transporte.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF205D/AC/2025/0153), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF205D/AC/2025/0153)
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 227,64 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 292,21 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO GAREA GARCÍA, na que comunica que vai pintar en cor branca as fachadas da vivenda sita no lugar de Osebe nº 2 Bastavales.

A edificación (referencia catastral 7005930NH2470N0001BK) sobre a que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8) e situase dentro da zona de servidume dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, de data 10.12.2025 (clave DH.W15.111192) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 38,95 euros.

Total: 38,95 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Boris Morandeira Rodríguez, que di actuar en representación de LUIS CARLOS RISCO SALANOVA e MARÍA LUISA FRANCISCA JUANATEY DORADO, solicitando autorización para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Fonteparedes 30 – Ons , segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Boris Morandeira Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.11.2025 (expte. 2506092).

Antecedentes:

Con data 01.04.2025 a Xunta de Goberno Local concede licenza a LUIS CARLOS RISCO SALANOVA e MARÍA LUISA FRANCISCA JUANATEY DORADO, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Fonteparedes 30 – Ons, segundo proxecto básico sen visar, asinado polo arquitecto Boris Morandeira Rodríguez, de data 19.02.2025.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da presentación do proxecto de execución asinado polo arquitecto Boris Morandeira Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.11.2025 (expte. 2506092), que desenvolve o proxecto básico que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 01.04.2025, e autorizar o inicio das obras.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de PAULA RIO ROUCO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Caxusa 19 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.10.2025 e documentación complementaria visada con data 31.10.2025 (expte. 2505334).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8410108NH2481S0000XM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.10.2025 e documentación complementaria visada con data 31.10.2025 (expte. 2505334).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (38 m2 asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación en todo o fronte da parcela, a execución

das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 38 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 01 de decembro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.709,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.805,03 euros.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de JESÚS CHAVES BARCO, na que solicita modificación da licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Romarís – Bastavales, segundo modificado de proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnico agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 03.11.2025, (expte. nº 20250407-1).

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15/07/2025 concedeulle a JESÚS CHAVES BARCO, licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Romarís – Bastavales, segundo proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnico agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, (expte. nº 20250407).

Descrición da parcela de orixe:

Referencias catastrais: 15013B503010140000MA, 7907202NH2470N0001SK e 8209824NH2480N0001YX.

Superficie: 16.089,36 m² (segundo medición recente).

Lindes:

Norte: Secundina Sanmartín Arca (1012) e Florentina Verde Verde (1013).

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Servizo nacional de concentración parcelaria (1015) e Baldomero García Míguez (1016).

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008) e José París Míguez (1009).

No suroeste desta finca existen catro construcións; unha edificación dedicada a vivenda e almacén en planta baixa, semisoto, baixo cuberta e porche, dúas edificacións secundarias dedicadas a almacén e un horreo.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

Parte: 2.639,10 m², clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Parte: 13.450,26 m², clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.d).

Segregación pretendida:

Parcela segregada A neta:

Superficie neta: 1.657,23 m² (a 5,5 m do eixe do camiño).

Sobre esta finca existen catro construcións, unha edificación principal dedicada a vivenda e almacén de planta baixa, semisoto, baixo cuberta e porche, dúas edificacións secundarias de planta baixa dedicadas a almacén e un horreo. A edificación principal ocupa sobre a finca unha superficie de 112,39 m², as plantas baixa e semisoto, dedicadas a vivenda e almacén respectivamente, teñen unha superficie construída de 97,35 m², a planta baixo cuberta ten unha superficie construída de 32,45 m² e o porche, adosado á fachada sur e aberto polos tres

ventos, ten unha superficie de 15,04 m², a edificación secundaria situada ao norte da principal, ten unha superficie construída de 94,65 m² e a situada ao leste ten unha superficie construída de 21,40m². Ocupa o conxunto das edificacións un fondo sobre a finca de 228,44 m² e unha superficie construída de 350,72 m².

Lindes:

Norte: resto de finca matriz.

Sur: parcela de cesión.

Leste: resto de finca matriz.

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela segregada B:

Superficie neta: 855,81 m² (non linda con vial).

Lindes:

Norte: Florentina Verde Verde (1013)

Sur: resto de finca matriz.

Leste: Servizo nacional de concentración parcelaria (1015).

Oeste: resto de finca matriz.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

Resto da finca matriz:

Superficie: 13.450,26 m².

Lindes:

Norte: Secundina Sanmartín Arca (1012) e parcela segregada B.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria e parcela segregada A neta.

Leste: Servizo nacional de Concentración parcelaria (1015), Baldomero García Míguez (1016) e parcela segregada B.

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008), José París Míguez (1009) E Parcela segregada A e Parcela cesión.

Clasificación urbanística: Solo rústico.

Parcela de cesión:

Superficie: 126,06 m².

Lindes:

Norte: Parcela segregada A neta.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Resto da finca matriz.

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 126,06 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

SEXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JENNIFER SUMAY GARCÍA, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola, en Guitiande 73 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data maio de 2025, concedida pola Xunta de Goberno Local do 03.06.2025 a nome de ROSA MARÍA GARCÍA CARBIA e LUIS SUMAY VIDAL, e poñela ao seu nome.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación achegada e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 03.06.2025, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra en Guitiande 73 - Os Ánxeles a JENNIFER SUMAY GARCÍA, que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

SÉTIMO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta da presentación por parte de NATALIA BLANCO CAAMAÑO e DAVID LENZÓS MOURE, da solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 8 de outubro de 2024 a Natalia Blanco Caamaño e David Lenzós Moure, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Caxusa 18 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.02.2022 e 15.05.2024 (expte. 2200665).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 08.10.2024.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 2.009,86 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 100,50 euros.

4º) Proceder por tesourería á devolución do aval bancario por importe de 900,00 €.

5º) Notificar o presente acordo aos interesados.

OITAVO.- BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.M.L.A., con rexistro de entrada no concello núm. 20250000003318, do 19.11.2025, na que solicita a bonificación do

100% da tarifa correspondente á participación da súa filla M.V.G.L. nas actividades de: Concilia Nadal 2025.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 11.12.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.M.L.A. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 25,00 euros, correspondente á participación do seu fillo nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

NOVENO.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE CONTRATO. EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRAS: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.12.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 16.12.2025, que transcrita di:

ANTECEDENTES:

1-. Con data 11.09.2024 o concello asinou coa empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L. o contrato de obras de: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, polo prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do orzamento de licitación de: 73.109,74 euros, IVE incluído, e cun prazo de execución de 12 meses, contado desde o día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación do reformulo.

2-. Consta no expediente a acta de comprobación do reformulo asinada con data 10.10.2024, polo que o prazo para a finalización das obras rematou con data 10.10.2025.

3-. Constan certificadas e aprobadas as seguintes certificacións de obras:

- Certificación núm. 1 por importe de: 49.956,19 euros, aprobada por decreto alcaldía do 26.12.2024.
- Certificación núm. 2 por importe de: 35.016,77 euros, aprobada por decreto do 02.04.2025.
- Certificación núm. 3 por importe de: 37.311,56 euros aprobada por resolución alcaldía 19.05.2025.
- Certificación núm. 4 por importe de: 50.237,71 euros aprobada por resolución alcaldía 19.05.2025.
- Certificación núm. 5 por importe de: 40.106,45 euros aprobada por resolución alcaldía 29.07.2025.
- Certificación núm. 6 por importe de: 58.136,11 euros aprobada por resolución alcaldía 29.07.2025.
- Certificación núm. 7 por importe de: 37.155,17 euros aprobada por resolución alcaldía 23.09.2025.
- Certificación núm. 8 por importe de: 65.327,48 euros de data 09.09.2025, aprobada por decreto alcaldía do 16.10.2025.

O total certificado e pagado polo concello a data de hoxe ascende a un total de: 373.247,44 euros. Non consta no expediente electrónico ningunha certificación expedida e pendente de pago.

Faltan por executar sobre o presuposto de contrata de: 1.239.099,74 euros logo de última certificación (8ª) aprobada: 842.448,99 euros, e faltan por executar sobre o presuposto de adxudicación de: 1.165.990,00 euros logo de última certificación (8ª) aprobada: 792.742,56 euros.

4. A empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., NIF: B-15490527, é actualmente a adxudicataria do expediente de referencia, atopándose o contrato actualmente en execución.

5. Con data 4 de decembro de 2025 recíbese escrito asinado pola empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L. no que solicita a autorización previa e expresa por parte do Concello de Brión para a cesión do contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA S.L., NIF: B15648223, quedando esta subrogada en todos os dereitos e obrigacións que corresponden ao cedente do contrato.

En base ao establecido no artigo 214.2.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP) e ao obxecto de valorar debidamente a proposta de cesión presentada, con data 5 de decembro de 2025 comprobouse a través de certificado expedido polo Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa ALCOMTE GALICIA S.L. acredita ante o concello o cumprimento dos requisitos esixidos no citado artigo.

Igualmente, comprobouse que o contrato foi executado en máis dun 20 por 100 do importe do mesmo, tal e como establece o artigo 214.2.b) da LCSP

Vistos os informes preceptivos de secretaría e intervención, propoño á Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación do Pleno do 29.06.2023, publicada no BOP do 05.07.2023, a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Autorizar a cesión do contrato de referencia á empresa ALCOMTE GALICIA S.L. nas mesmas condicións que no contrato inicial.

A cesión de contrato debe formalizarse, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública da cal deberá dar traslado dun exemplar a este concello, momento a partir do cal xurdirá efectos neste concello, quedando o cesionario subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

O cesionario deberá depositar, dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación da autorización expresa polo órgano de contratación da cesión, na Tesourería Municipal a garantía definitiva por importe de: 48.181,40 euros e a garantía complementaria por importe de: 48.181,40 euros para responder en caso de incumprimento por parte da empresa do prazo de execución. En aplicación do artigo 111.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non se procederá á devolución ou cancelación das garantías prestadas polo cedente por eses mesmos importes ata que se achen formalmente constituídas e entregadas as do cesionario.

2º) Facultar expresamente a alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada non seus propios termos.

2º) Notificar este acordo ao cedente e ao cesionario do contrato para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González